

SECRETARÍA DE GOBERNO LOCAL

CONCELLERÍA DE SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE VIGO



INFORME XURIDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCION Expte: 1455/1102

Asunto.- Solicitud de acceso á información pública

Antecedentes

En data 7.06.2023 dona [REDACTED] solicita acceso á información pública relativa a información sobre a rede ciclista en Vigo, relativa aos plans, o número de km, o tipo de material empregado, tipo de infraestruturas, estudio previo a realización dos carris bici o algun resumo do proxecto.

En data 07.06.2023 e 29.06.2023 solicitouse informe á área de Fomento e Servizos como servizo xestor do contrato

En data 30.08.2023 emítese o informe solicitado.

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Do acceso á información.-

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública,

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 09:47	Páxina 1 de 4
1455-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública *"los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."* É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: *"El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información"*.

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que *"ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade"* (art. 1 de la LTAIBG).

A LTAIBG recoñece no seu artigo 12 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, e o seu obxectivo é someter a escrutinio a acción dos responsables públicos, coñecer como se toman as decisións que afectan os cidadáns, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións. Neste sentido, o Preámbulo da LTAIBG, sinala que *"A transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos."*

SEGUNDO.- Respecto da solicitude formulada.-

O solicitante, dona [REDACTED] solicita acceso á "red ciclista en Vigo, relativa a los planos, el número de km, el tipo de material empleado, tipo de infraestructuras,

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 09:47	Páxina 2 de 4
1455-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

estudio previo a la realización de los carriles bici". O informe da área de Fomento e Servizo sinala " *cabe indicar que a información solicitada atópase na súa maioría dispersa nos distintos proxectos de humanización aprobados e executados ó longo dos últimos anos polo Concello de de Vigo, polo que a divulgación desta información precisa ducha acción previa de reelaboración (artigo 18.1.c da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno), a excepción da información xa publicada no documento de Actualización do Plan de Mobilidade Urbana Sostible da Cidade de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 22.09.2021, o cal atópase dispoñible na seguinte ligazón:*

https://hoxe.vigo.org/pdf/Transportes/pmus/969_441_PMUS_VIGO_2014_2020.pdf

Neste punto compre indicar que se a información se atopa diseminada é require dun informe específico nos atopamos cunha acción de reelaboración e concretamente o artigo 18.1.c) da LTAIBG determina que se inadmitirán a trámite, mediante resolución motivada, as solicitudes, relativas a información para cuxa divulgación sexa necesaria unha acción previa de reelaboración.

Esta causa de inadmisión atópase xustificada pola concorrencia da acción previa de reelaboración, pois se trata de volver elaborar a partir dunha información pública dispersa e diseminada, mediante un labor consistente en solicitar, primeiro; ordenar e separar, despois, o que é información clasificada ou non; sistematizar, e logo, en fin, divulgar tal información. Non obstante o informe remite a información publicada no documento de Actualización do Plan de Mobilidade Urbana Sostible da Cidade de Vigo aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 22.09.2021, como documento que recolle a data da súa aprobación a información actualizada

E por isto que procede facilitar ao interesado a información no seguinte enlace https://hoxe.vigo.org/pdf/Transportes/pmus/969_441_PMUS_VIGO_2014_2020.pdf

TERCEIRO.- Do órgano competente

A resolución da solicitude correspóndelle a Concelleira de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas de data 28.06.2023.

Polo exposto fórmulase a seguinte **PROPOSTA:**

PRIMEIRO.- Estimar parcialmente a solicitude formulada por dona [REDACTED] e facilitar a información dispoñible a través do enlace https://hoxe.vigo.org/pdf/Transportes/pmus/969_441_PMUS_VIGO_2014_2020.pdf

SEGUNDO.- Notificar á persoa interesada e comunicar que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 09:47	Páxina 3 de 4
1455-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

A Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal Dona. Patricia Rodriguez Calviño

(Resolución da Alcaldía de data 19 modificada por Resolución de data 28.06.2023 e 20.06.2023 e 28.06.2023, BOP nº 129 de data 5.07.2023 e 28.06.2023)

Dou fe, a Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 09:47	Páxina 4 de 4
1455-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		